

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2020

## *Rosalía de Castro: intentos de asasinato durante a Guerra Civil (1936-1939)*

Aurora López e Andrés Pociña

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

**FOLLAS NOVAS**

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº 5 · 2020

ARTIGO

*Rosalía de Castro:  
intentos de asesinato durante  
a Guerra Civil (1936 – 1939)*

**Aurora López**

Universidad de Granada

auroral@ugr.es

**Andrés Pociña**

Universidad de Granada

apocina@ugr.es

PALABRAS CHAVE

*Rosalía,  
Guerra civil,  
galeguismo,  
fascismo,  
silenciamento*

RESUMO

A sublevación militar-fascista, que sumiu España nos catro terribes anos da chamada Guerra civil, e despois na interminable ditadura conseguinte, tivo sempre un propósito firme de acabar coas obras literarias de Rosalía de Castro, que tiña merecidamente acadado un recoñecemento como representante dunha Galiza distinta, con linguaxe propia, mesmo independente do resto do estado español. Recollemos neste artigo, por orde cronolóxica, a documentación gráfica que atopamos sobre o tratamento de Rosalía nos anos 1936 a 1939.

KEYWORDS

*Rosalía de Castro,  
Spanish Civil  
war, Galicianism,  
fascism,  
persecution*

ABSTRACT

Literary documentation about the projet of eliminating of the works of Rosalía de Castro by the fascist rebellion who provokes the so called Spanish Civil war (1936-1939) . The reasons of this persecution of the Rosalía's works resides in the fact that she was considered a representant of the diferencial sentiments of the Galician people, even with a different language, even with some projects of separatism of the other parts of Spain.

## 1. Asasinato por condena ao silencio.

O título que escollimos para este artigo<sup>[1]</sup> foi matinado e calculado dende o primeiro momento que resultase estraño, un pouco desaxeitado, mesmo rechamante, todo cunha intención propagandística obvia, como se fose un anuncio comercial de algo que queremos transmitir a lectoras e lectores, e polo tanto dende unha perspectiva aínda nos nosos días políticamente programática; por estas razóns, xa que pretendemos en certo modo resultar manipuladores, queremos asegurar baixo a nosa palabra, xa no mesmo comezo, que resultará totalmente verdadeiro e obxectivo en toda a información que contén.

No Dereito romano, dende tempos moi antigos, unha das faltas máis graves que podía cometer un cidadán era a coñecida polo nome de *perduellio*, algo así coma un delito de alta traición ou atentado contra o orden institucional. A falta era inmensa, polo que o castigo chegaba máis aló da pena capital: consistía na *damnatio memoriae*, a condena do nome do reo ao olvido eterno<sup>[2]</sup>. Cousa semellante foi a que intentou facer a sublevación e despois a ditadura franquista coa figura emblemática, e por eso perigosa, do galeguismo, que xa naquelas datas levaba tempo sendo Rosalía de Castro.

É o noso propósito facer un percorrido por todas as noticias de que dispomos a propósito de Rosalía e das súas obras ao longo dese terríbel drama que foi a sublevación militar-fascista que obxectivamente dabondo, sen calificacións ideolóxicas, chamamos decote, pero sen moito rigor, a Guerra civil. Teimamos amosar de que xeito, na procura programática de asasinar canto de propio e de oposto á idea identitaria dos pobos da Península ía ter a eterna dictadura que derivou da fin da guerra, a parte sublevada vencedora silenciou, deformou, perseguíu, a totalidade da obra, tanto a galega como a castelán, de Rosalía de Castro, co propósito de asasinato definitivo da máis popular e máis querida representación do galeguismo de sempre. Esta consideración é de sobras obxectiva, e basta lembrar que ela fora quen publicou, xa nos seus comezos, no ano 1863, versos coma estes, nun libro que aínda hoxe segue a ser aldrexado, con máis frecuencia do que algúns pensan, alcumándoo como poemiñas de mero folclore de pouco peso:

---

[1] Co mesmo título foi presentado por nós no XII Congreso. da Asociación Internacional de Estudos Galegos, celebrado na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, en setembro de 2018. Perante a falta de noticias sobre posible edición das correspondentes actas, publicámolo aquí, coas revisións precisas.

[2] Fontes en R. Domingo (coord.), *Textos de Derecho Romano*, Cizur Menor, Editorial Aranzadi, 2002.

*Probe Galicia, non debes  
 Chamarte nunca española,  
 qu' España de ti s'olvida  
 Cando eres ¡ay! tan hermosa.  
 Cal si na infamia naceras,  
 Torpe, de ti s' avergonza,  
 Y á nay qu' un fillo despreça  
 Nay sin corazón se noma.  
 Naide porque te levantes  
 Ch' alarga á man bondadosa;  
 Naide os teus prantos enxuga,  
 Y homilde choras e choras.  
 Galicia, ti non tés patria,  
 Ti vives no mundo soya,  
 Y á prole fecunda tua  
 S' espalla en errantes hordas...<sup>[3]</sup>*

Pero imos xa a ese percorrido, que por forza remata sendo moi pouco agradable, ao longo dos catro anos máis espantosos da historia de España.

## 2. O marco da desfeita.

A fin da longuíssima ditadura por acabamento físico do ditador tivo consecuencias estranas, como un desexo precipitado de esquecer todo o pasado, de amnistiar todo, de olvidar todo axiña, de borrar a memoria histórica recente. Foi o que se considerou polos beneficiados dos anos escuros unha transición pacífica exemplar. Mais a *damnatio memoriae* non resulta cousa doada, cando o que se pretende esquecer se resiste ao olvido. Nos anos da ditadura pretendeuse esquecer o importantísimo momento que atravesaba o nacionalismo galego cando a sublevación militar contra a Repúbli-

---

[3] Rosalía, *Cantares*, p. 167. Os versos galegos de Rosalía son citados por *Rosalía de Castro. Poesía Galega Completa I. Cantares gallegos*, Edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1992; *Rosalía de Castro. Poesía Galega Completa II. Follas novas. Poemas soltos. Traducións*, Edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2004. Os versos de *En las orillas del Sar* por R. de Castro, *En las orillas del Sar*, Ed., intr. y notas de Marina Mayoral, Madrid, Editorial Castalia, 1978. As referencias sen cita textual ás obras poéticas por R. de Castro, *Poesías. Cantares gallegos. Follas novas. En las orillas del Sar*, Edición preparada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, Vigo, Patronato Rosalía de Castro, 1976 (en realidade ed. Ao cuidado de Ricardo Carballo Calero e Lydia Fontoira Suris, cf. 3ª edición, 1982).

ca: como é sabido, o 18 de xunio de 1936 celebrárase o Plebiscito para a autonomía galega, co espléndido resultado de 995.351 votos a favor e soamente 6.161 en contra, pero as augas políticas andaban máis axitadas que nunca. A nós, que aínda non nacéramos, chéganos abondo para palpar o temor reinante, aquela desconfianza de que a victoria democrática dos sentimentos nacionalistas non iba rematar ben, con ler os dous últimos números de *A Nosa Terra*, a xa tradicional revista das Irmandades da Fala, que dous meses despois da fundación do Partido Galeguista, a partir do número 292 (febreiro de 1952), pasa a ser cabeceira do Semanario do Partido Galeguista<sup>[4]</sup>.

No núm. 421, do 10 de Xulio de 1936, a presenza desa desconfianza de que a victoria do Estatuto vai acabar mal está presente nas catro páxinas. As chamadas á defensa da autonomía son constantes. Como exemplo, no recunchiño inferior da páxina segunda, lemos: "A Galicia autó- / noma pode ser / un remanso de / paz nesta hora / de desenfrena- / da tolería". Pero aínda máis significativo é que, xusto a carón desta notiña, ponse unha pequena entrada fundamental con este encabezamento: "Despois do plebiscito. Verbas de Teixeira (*sic*) de Pascoaes". No máis recente traballo noso sobre Rosalía, titulado "Viagens reais e imaginárias de Rosalía de Castro por terras e mares de Portugal", presentado no "IV Congreso internacional pelos mares da lingua portuguesa", celebrado na Universidade de Aveiro en maio deste ano<sup>[5]</sup>, estudamos con detalle a inmensa relación do gran poeta portugués coas Irmandades da Fala e cos meirandes escritores galegos, así como a súa presenza constante na revista *A Nosa Terra*. Daquela, é completamente natural que, neses momentos de "tolería" reaccionaria provocados polo éxito do Plebiscito, a revista recorra á recoñecida autoridade do escritor portugués. Paga a pena reproducir o texto completo:

O gran poeta portugués Teixeira de Pascoaes acaba de pronunciar unhas garimosas verbas encol de Galicia que despois de agradecerlle ao insine vate reproducimos a seguido:

"Galicia é un pobo irmán do portugués ao que eu amo amo (*sic*) verdadeiramente. Posee todol-os valores necesarios para constituir unha rexión autónoma. O trunfo do Estatuto é o trunfo das súas enormes posibilidades. Porque Galicia é unha verdadeira nacionalidade, é un pobo de almas en vitoria permanente. Eu saúdoa na persoa do seu intérprete xenial Alfonso R. Castelao".

O derradeiro número da serie tradicional de *A Nosa Terra* resulta ser un sorprendente vaticinio, como supomos que se terá comentado moitas veces: consta

[4] Cf. D. Vilavedra (coord.), *Diccionario de Literatura Galega. II Publicacións periódicas*, Vigo, Editorial Galaxia, 1997, p. 336 ss.

[5] Aparecerá, na lingua portuguesa en que foi presentado, nas Actas do Congreso de Aveiro (en prensa). Cf. A. López – A. Pociña, "A recepción de Rosalía en Portugal", *Follas Novas* 3 (2018) 195-217.

dunha soa páxina, datada a 17 de Xulio de 1936, na que destaca unha “Lembranza de Rosalía”, co pretexto pouco fundamentado de cumprirse 51 anos da morte da escritora, mais na realidade unha defensa das ansias galeguistas e nacionalistas que dende había tempo se viñan personificando na figura egrexia da poeta. Non pode acharse mellor comentario que lembrar o texto completo:

Fixo o día 15 dos correntes cincuenta e un anos que morreu a nosa Santa Rosalía.

Medio século fai que aquela muller que encheu toda unha época na historia de Galicia e está para sempre enraizada no altar dos corazóns dos bons patriotas, desapareceu deixando mergullada en bágoas eternas á Terra que tanto amou e coa que tanto sofreu.

Pasaron os anos, os séculos, e Galicia gardará acesa e pervivente a lembranza da excelsa muller que xa se converteu na terra e na alma de todol-os galegos na mesma Galicia, na mesma Patria.

N-este novo aniversario no que se anda a posibilitar a emancipación da Terra e se sinalan solucións aos problemas do corpo e do espírito de Galicia, aqueles problemas que ela puxo de manifesto en verbas subrimos, os galeguistas, os nacionalistas, os seus herdeiros directos no amor á Patria e na arela da súa liberdade pronunciamos o nome de Rosalía coa devoción inmensa e relixiosa que a súa lembranza inspira.

Obviamente esa ideoloxía política que dende tempo tiña coma enseña a figura sempre admirada de Rosalía, e o medio xa tradicional de defendela, o galego, foron de seguida obxectivo prioritario de exterminio, de asasinato, en primeiro lugar por parte da figura pioneira da rebelión, curiosamente un galego de nacemento, cuxo nome propio non vai saír nás páxinas deste artigo (mercedísimas *damnatio memoriae*!) e despois por parte dos seus seguidores.

### 3. O centenario do nacemento de Rosalía.

Un feito que de por sí só exemplifica perfectamente o que aconteceu no aspecto que nos ocupa, nos tempos da guerra e despois nos da ditadura, foi a celebración do centenario do nacemento de Rosalía. O ano 1937 viña sinalado de modo fundamental para o pobo de Galiza e para toda a cultura galega por ese centenario, cousa que, dadas as circunstancias, tivo que ser lembrado dende fóra, sobre todo dende o outro lado do Atlántico. O que significou principalmente a República Arxentina na celebración deste acontecemento foi estudiado hai pouco por nós, no volume 2 desta estupenda nova Revista de Estudos Rosalianos que se chama *Follas Novas*<sup>[6]</sup>. Paga a pena lembrar o fragmento que citamos alí da conferencia “Rosalía de Castro”, pronunciada no Centro Catalán da cidade arxentina de Rosario por José Núñez Búa, por

[6] A. López – A. Pociña, “As edicións de Rosalía de Castro na República Arxentina”, *Follas Novas* 2 (2017) 198-217.

fortuna conservada por terse convertido nun curioso libriño de 24 páxinas, poucas veces recordado, que nós temos por fortuna<sup>[7]</sup>:

El 21 de Febrero de 1937, se cumplió el centenario del natalicio de Rosalía. El dolor de España no nos dejaba entonces un hueco para celebrar fiestas conmemorativas. Hoy aunque tenemos clavado en el alma el dolor de aquel dolor, que será eterno, los gallegos que vivimos en esta otra banda atlántica, sobre las dilatadas riberas de este gran río argentino, donde han alentado tantos afanes gallegos y desde donde han ido hacia Galicia tantos pensares audosos, hoy los gallegos de Rosario, como ayer los de Buenos Aires, nos acercamos en peregrinación de amor, de fe y de esperanza, al altar de la Tierra. Porque acercarse a Rosalía es llegar hasta el ara sagrada de ese altar (p. 22).

Como decíamos no artigo que estamos a comentar, a antoloxía *Poemas galegos*, editada en Buenos Aires en 1939 por iniciativa de Eduardo Blanco Amor, é “probablemente o libro rosaliano máis importante publicado na terrible noite da Guerra civil”<sup>[8]</sup>. Nel, é nunha nota, con letra miudiña, onde lemos estas palabras do eximio rosalianista que foi Blanco Amor:

Como ya queda dicho, el Centenario de Rosalía, se cumplió en 1937. Galicia se disponía a celebrarlo con solemnidad inusitada. Como cayó sobre ella el dominio sangriento de los verdugos del espíritu, no pudo celebrarse, ni se le ocurrió –gracias a Dios!- a aquellos chacales, hozar en su memoria, aunque sólo fuese por el qué dirán (p. XXII).

Sen embargo, houbo unha conmemoración na Península, dedicándolle ao centenario da escritora un volume enteiro dunha revista literaria, quizais onde menos podía esperarse, lonxe de Galiza, en Jerez de la Frontera. Trátase da Revista literaria *Cauces*, número 11-12, correspondente aos meses de maio-xuño do ano 1937. A práctica totalidade ten artigos, de valor moi diverso, sobre a nosa poeta; non imos comentar aquí o contido e importancia de cada un deles, cousa que fixemos no vol. I da nosa *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, onde a revista andaluza ocupa case todas as páxinas relativas ao ano 1937<sup>[9]</sup>. Aquela visión, fundamentalmente de carácter bibliográfico, foi feita por nós entre 1985 e 1988, empregando unha fotocopia completa do exemplar de *Cauces* que nos facilitara o Excmo. Ayuntamiento de Jerez, grazas á xestión sempre xenerosa e xempre entusiasta do noso amigo e compañeiro de Facultade o poeta e catedrático Luis García Montero. Hoxe volvemos a *Cauces* con outros ollos, despois de

[7] J. Núñez Búa, *Rosalía de Castro*, Rosario, Casa de Galicia, 1939.

[8] A. López – A. Pociña, “As edicións de Rosalía de Castro na República Arxentina”, cit., p. 202.

[9] A. López – A. Pociña, *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, vol. I, A Coruña, 1991, pp. 681-692.



térmonos preocupado moito e por moito tempo da historia sempre sorprendente do rosalianismo.

A xente escollida para colaborar na homenaxe a Rosalía tiña méritos e sona dabondo para levar a ramo unha obra meritosa. O primeiro artigo (a revista non está paxinada), “Tres glosas al centenario de Rosalía de Castro”, corresponde a Francisco Montero Galvache (1917-1999), xornalista, escritor, poeta, que consta na portada como o primeiro dos tres editores da revista, que de feito fora fundada por el un ano antes, en xuño de 1936. O artigo “Rosalía de Castro *En laz orillas del Sar*” é firmado por un escritor que sen dúbida ten sona na literatura do seu tempo, Pedro Pérez Clotet (1902-1966), que xa de novo tivera relacións con figuras como Pedro Salinas, Luis Cernuda, Joaquín Romero Murube; en 1925, trasladado a Madrid para facer a tese de doutoramento, asistía ás tertulias literarias de Juan Ramón Jiménez; en 1932 funda en Cádiz a revista *Isla*, na que colaboraron nada menos que poetas de tanta sona e mérito como Vicente Aleixandre, Emilio Prados, Miguel Hernández, Jorge Guillén, Gerardo Diego, Luis Rosales, Carmen Conde, etc. Nomes, pois, de moito prestixio, especialmente en Jerez, onde era famosa a responsable do curioso artigo “Rosalía de Castro. La mujer y la poetisa”, escrito pola xornalista e escritora Carmen Carriedo de Soto. Daquela, podía esperarse un bon conxunto de traballos, partindo da preparación dos responsábeis.

Emporiso estamos nos primeiros meses do ano 1937, e estamos na cidade de Jerez de la Frontera, que caeu axiña en poder dos rebeldes á República e que foi unha das cidades de Andalucía obxecto dunha represión verdadeiramente cruel e sanguenta, con máis de seis centos de vítimas das que aínda hoxe se coñecen os nomes. En aparencia, a homenaxe a Rosalía podía intentar facerse á marxe de pechas ideolóxicas, e de feito, despois de tres páxinas de propaganda comercial, aparece a denominada “Nuestra página de honor”, que de modo moi curioso consta dun poema galego de Rosalía, o número XII do comezo de *Follas novas* (“Oxe ou mañan, ¿quen pode decir cando?...”), e despois, en castelán, o poema número 107, antepenúltimo de *En las orillas del Sar* (“Más rápidos que el rayo...”). Aparentemente, pois, galego e castelán, mesmo con máis versos da primeira lingua, e comezando con ela. Pero pasamos aos textos dos diferentes autores, e no artigo de Francisco Montero Galvache lemos:

Fuiste, ante todo, cristiana y mujer. Y no pudo la vida, con su dolor de horas iguales, poner en tus manos blancas y pálidas, cosecha de paz.

[...] No llega la conmemoración con sequedad de fecha, como otra fiesta más, igual a las pasadas, que fueron casi desfile y júbilo de feria. Tu Centenario, Rosalía de Castro, nos llega mansamente, con una divina serenidad de rosario de aurora, con una brisa fresca de alborada que aclara el dolor de los sentidos, y más bien nos alienta a un rezo infinito, a una canción lejana de llanura bajo el sol, cantando, muy cerca del rumor de la noria, las nuevas espigas que hemos de llevar a la era del campo, para sacarles, en una trilla de amor, la cosecha esperada.

Pedro Pérez Clotet, que na súa revista *Isla* dera acollida a Aleixandre, Prados, Hernández, Guillén..., pero sorprendéndonos despois cando no 1936 se alista sen perder tempo ao chamado “Movimiento”, evoca en *Cauces* a Rosalía repetidamente como un “espíritu que sufre, sueña y canta”. Pero máis curioso aínda resulta Teodoro Molina, que fai de Rosalía a Safo gallega, e chega a escribir cousas como estas:

La grandeza de la causa que se viene ventilando en los campos de batalla no deja vagar para otra cosa que no sea el afán de la victoria y la resurrección de la nueva España. Callan Homero y Virgilio, para ceder la palabra a Marte. Sólo así se explica que haya transcurrido en medio del silencio de los doctos el V Centenario del nacimiento de Cisneros (1436).

Más afortunada Rosalía de Castro ha tenido en Jerez un puñado de jóvenes poetas y literatos que han sabido hermanar con sus anhelos de vanguardia (nunca con tanta propiedad como ahora) el recuerdo del primer centenario del natalicio de la Safo gallega (1837) y el propósito de rendirla un homenaje.

[...] La mala estrella de la poesía gallega ha querido poner en la frente de muchos de sus poetas la marca del fuego de la impiedad. No se acierta a comprender cómo ha podido compadecerse la sequedad del alma impía con la exuberancia de una tierra que es fronda y jardín, matorral y vergel, en suma, fecunda bendición de Dios. Impío fue Pardo de Andrade, que se obstina en demostrar cuán mala fue la Inquisición, cuando le hubiera sido harto más fácil demostrar cuán malas eran sus poesías, muchos (*sic*) peores desde luego que la Inquisición vista por él. Impíos fueron Faraldo y Aguirre, impío también Pondal, cuya mejor poesía es quizá *La campana de Anllóns*, impío sobre todos Curros Enríquez, a quien en vano los de su cuerda quisieron levantar por encima de Rosalía de Castro. Esta admirable y modestísima mujer, por su fé cristiana y por su numen poético, eclipsa sin pretenderlo a todos los poetas gallegos.

En fin, con pretensións biográficas, narradas con moita elocuencia, a culta xornalista xerezana Carmen Carriedo de Ruiz, no artigo “Rosalía de Castro. La mujer y la poetisa”, escribe cousas tan eloxiosas como as seguintes:

Grande figura la de esta insigne hija de Galicia en que la inteligencia y el corazón fueron dueños y reyes de excelso señorío nimbándola de gloria en el mundo del arte y de respeto rendido ante la sociedad digna de todas las épocas.

Este foi practicamente o único exemplo de homenaxe a Rosalía no seu Centenario que podemos achar na España da guerra fratricida; non foi modelo para nada, pois a revista *Cauces* non debeu ter moita difusión, naqueles anos tan difíciles, pero a verdade é que transmitía unha imaxe de Rosalía, muller modesta, caseira, exemplar, por riba de todo relixiosa, que non correspondía nin a imaxe de gran patriota e gran representante dos ideais de Galiza recoñecidos e transmitidos nos decenios inmediatamente precedentes á sublevación militar.

#### 4. Unha voz disonante.

A bibliografía rosaliana dos catro anos da Guerra civil<sup>[10]</sup> resulta un auténtico ermo: tres páxinas ocupa o ano 1936, unha escasa o 1938; se o ano 1937 ten certa importancia débese principalmente aos diversos artigos da revista *Cauces* que acabamos de lembrar, e algunha outra cousa, onde paga a pena subliñar a primeira edición en lingua inglesa de *En las orillas del Sar*, publicada pola Universidade de California, en estupenda edición bilingüe de S. Griswold Morley<sup>[11]</sup>. Moito menos interese ten o escaso espazo que dedica a Rosalía Guillermo Díaz-Plaja, nun libro editado en Barcelona en 1937<sup>[12]</sup>. Hai, tamén, o poema de Antonio Agraz que imos comentar de seguida. Por último, o ano 1939, aparece, con certa importancia, na bibliografía da escritora, pero neste caso grazas ás publicacións feitas en América, en boa medida por literatos galegos no exilio.

Emporiso a triste España, cada vez máis ocupada polas forzas fascistas rebeldes, conservaba o sentido común preciso para amosar voces disonantes a propósito dunha consideración política de Rosalía e da súa obra. E aquí temos tamén un só exemplo, pero moi fermoso. Trátase dun poema, asinado por un descoñecido Antonio Agraz, publicado no periódico *CNT Órgano de la Confederación Nacional del Trabajo*, en Madrid, xoves, 11 de xuño 1937. Nós temos a fortuna de posuir unha boa fotocopia do periódico daquel día, que nos conseguira hai anos para as nosas investigacións rosalianas, o noso gran amigo José Luis García Rúa (1923-2017), militante ben coñecido da CNT e catedrático de Filosofía da nosa Universidade de Granada. Vistas agora, as catro páxinas do periódico producen unha sensación difícil de explicar. A maior parte dos artigos están motivados pola avanzada da sublevación fascista, que tivera rápido éxito en moitas partes; fálase do mal que van as cousas en todas as rexións de España, pero o máis sorprendente é a páxina 4, titulada “Atila en Galicia Castelao”, con sete fotografías da colección de debuxos deste título. Na páxina primeira, nunha estreita columna situada cara ao centro, con letra ben miuda pero perfectamente lexible, baixo o epígrafe destacado con letras grandes “Romances de CNT”, aparece o título “Galicia mártir”, e debaixo estes versos, sobre os que poderíamos falar dabondo, pero pensamos que podemos aforrar todo comentario ao público da Revista *Follas Novas*:

[10] Cf. A. López – A. Pociña, *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, vol. I, pp. 673-707.

[11] R. de Castro, *Beside the River Sar. Selected Poems from En las orillas del Sar*, Translated from the Castilian, with annotations and a preface, by S. Griswold Morley, Berkeley, University of California Press, 1937. Cando fixemos a *Bibliografía* sinalamos a existencia deste libro, que non tivemos entón a posibilidade de consultar; cf. agora A. López – A. Pociña, “As edicións de Rosalía de Castro na República Arxentina”, cit., p. 201.

[12] G. Díaz-Plaja, *La poesía lírica española*, Barcelona, Editorial Labor, 1937; cf. nosa *Bibliografía...*, cit., pp. 684-685

*“Castelaos de Castella  
tratade ben a os galegos;  
cando van, van como rosas;  
cando volven, volven negros.”*  
(Rosalía de Castro)

¡Ay, Rosalía de Castro,  
corazón deshecho en versos!  
Llorabas cuando veías  
marchar a los mozos nuevos  
por las tristes “corredoiras”  
llenas de “aturuxos” “meigos”,  
pendientes de corta cuerda,  
sobre los hombros los dos zuecos,  
un “alalá” entre los labios,  
en el zurrón, pan moreno:  
las hoces, en la cintura,  
sobre las hoces, reflejos  
del día que se alargaba  
roto en suspiros y besos.  
A Castilla iban los mozos  
segadores y los viejos.

“¡Castellanos de Castilla,  
tratad bien a los gallegos!”  
¡Ay, Rosalía de Castro,  
corazón deshecho en versos;  
cómo lloraras ahora,  
si vieras los mozos nuevos  
sin luz en los suyos ojos;  
sin piernas los suyos cuerpos,  
sin manos los brazos fuertes,  
y las bocas sin aliento;  
víctimas de los civiles,  
fieras con tricornio negro!

\* \* \*

¡Ay, Rosalía de Castro,  
corazón deshecho en versos!  
¡Castellanos de Castilla  
salvaremos tus gallegos!

Antonio AGRAZ

## 5. Recoñecemento da imposibilidade do asasinato.

De que xeito e con que oscuros procedementos a ditadura quixo acabar con aquela Rosalía que representaba de xeito tan fermoso e tan sentido o patriotismo galego, e asasinar xunto con ela a lingua galega, sinal máis distintivo e diferenciador da esencia do pobo de Galiza, é historia muito máis longa, pero na que aínda será preciso afondar abondo. Foron moitos anos de aldraxe á lingua de Rosalía, que nunca remataron nin rematarán en tantas mentes, no poder ou próximas a el, marcadas polos sentimentos sempre centralistas, sempre durmidos en sonos imperialistas, das dereitas hispanas. De todas as maneiras, cómpre dicir que calquera institución ou partido que se mova por semellantes ideas, por moi mal disimuladas e agachadas que sexan, non ten ningún futuro na única Galiza verdadeira, que é a Galiza de Rosalía de Castro.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Castro, Rosalía de (1937), *Beside the River Sar. Selected Poems from En las orillas del Sar*, Translated from the Castilian, with annotations and a preface, by S. Griswold Morley, Berkeley: University of California Press.
- Castro, Rosalía de (1976), *Poesías. Cantares gallegos. Follas novas. En las orillas del Sar*, Edición preparada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago,Vigo, Patronato Rosalía de Castro (en realidade ed. Ao cuidado de R. Carballo Calero e L. Fontoira Suris, cf. 3ª edición, 1982).
- Castro, Rosalía de (1978), *En las orillas del Sar*, Ed., intr. y notas de M. Mayoral, Madrid: Editorial Castalia.
- Castro, Rosalía de (1992), *Poesía Galega Completa I. Cantares gallegos*, Edición de A. Pociña e A.López, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Castro, Rosalía de (2004), *Poesía Galega Completa II. Follas novas. Poemas soltos. Traduccións*, Edición de A. Pociña e A. López, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Díaz-Plaja, Guillermo (1937), *La poesía lírica española*, Barcelona: Editorial Labor.
- Domingo, Rafael (coord.) (2002), *Textos de Derecho Romano*, Cizur Menor: Editorial Aranzadi.
- López, Aurora – Pociña, Andrés (1991) *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, vol. I - II, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- López, Aurora – Pociña, Andrés (2017), “As edicións de Rosalía de Castro na República Arxentina”, *Follas Novas 2*, 198-217.
- López, Aurora – Pociña, Andrés (2018), “A recepción de Rosalía en Portugal”, *Follas Novas 3*, 195-217.
- López, Aurora – Pociña, Andrés (2020), “Viagens imaxinárias e reais de Rosalía de Castro por terras e mares de Portugal”, en A. M. Ferreira, C. Morais, M. F. Brasete, R. L. Coimbra (eds.), *Pelos mares da literatura em português*, Berlin: Peter Lang, pp. 247-273.
- Núñez Búa, José (1939), *Rosalía de Castro*, Rosario: Casa de Galicia.
- Vilavedra, Dolores (coord.) (1997), *Diccionario de Literatura Galega. II Publicacións periódicas*, Vigo: Editorial Galaxia.

